



### CONCELLOS

#### CHANTADA

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 21/06/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa do servizo e realización de actividades deportivas correspondentes ao curso 2021/2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

##### **ANUNCIO**

A cobranza, en período voluntario do Padrón da Taxa do servizo e realización de actividades deportivas correspondente o curso 2021/2022, terá lugar neste Municipio dende o día 21 de xuño de 2022 ata o día 22 de agosto de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Leixa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeralcoñecemento e cumprimento.

Chantada, 22 de xuño de 2022.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1816

### LÁNCARA

##### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Lánacara en sesión ordinaria realizada o día 26 de maio de 2022 acordou aprobar o expediente de modificación de créditos 6/2022, concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito do orzamento xeral do Concello de 2022 e a base 3ª de execución do presuposto. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP nº 125 de Lugo de 02/06/2022 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

##### **Estados do gastos**

Capítulo I	Gastos de Persoal	765.734,63
Capítulo II	Gastos en benscorrentes e servizos	1.407.587,56
Capítulo III	Gastos Financeiros	195,33
Capítulo IV	Transferencias Correntes	45.300,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	3.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	677.915,58
Capítulo VII	Transferencias de Capital	34.371,89
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.604,00
		2.941.208,99

**Estado de ingresos**

Capítulo I	Impostos directos	622.631,54
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	313.844,40
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.250.512,27
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.429,26
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	264.795,96
Capítulo VIII	Activos financeiros	457.995,56
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00
		2.941.208,99

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 28 de xuño de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1817

*Anuncio*

“Decreto.- 29 de xuño de 2022

Tendo previsto ausentarme do termo municipal dende o día 1 ata o 11 de xullo de 2022, de acordó co establecido nos artigos 63 da Lei de Administración local de Galicia e 47.1 e 2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais.

**RESOLVO**

Que me substitúa na totalidade das miñas funcións:

- o primeiro tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón entre os días 1 a 11 de xullo.

Notifíquesele ós interesados.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP”.

Láncara, 29 de xuño de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1818

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 30/2022**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 27 de xuño de 2022 o expediente núm. 30/2022 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 420.000,00 €, financiado con cargo ábaixa por anulación de créditos doutras partidas, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 28 de xuño de 2022.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCAP.D. Decreto 2022 / 000127 de data 24.01.2022A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, GLORIA PRADA RODRÍGUEZ.

R. 1819

**OUROL***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol en sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2022, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de MAIO de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil seiscentos dous euros con trece céntimos (2.602,13 €), correspondendo novecentos noventa e seis euros (996,00 €) a libre concorrencia e mil seiscentos seis euros con trece céntimos (1.606,13 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 17 de xuño de 2022 .- O Alcalde, JoséLuisPajón Camba.

R. 1820

*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2022, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 1º TRIMESTRE de 2022.**

- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 1º TRIMESTRE de 2022.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Leixeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñendunprazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Leixeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que os aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interponer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da augapoderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 12 de XULLO de 2022 ata o 12 de SETEMBRO de 2022, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 17 de xuño de 2022.- O Alcalde, JoséLuisPajón Camba.

R. 1821

**PANTÓN***Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO PRIMEIRO BIMESTE DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do □□21.04.2022□, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao **primeiro bimestre de 2022**, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao **primeiro bimestre de 2022**.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do □□02.05.2022□ ao □□30.06.2022□, ambos inclusive. Data de cargo en conta: □□23.06.2022□
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.

- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 20 de xuño de 2022. O Alcalde, Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 1822

### Anuncio

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2022.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do □□12.05.2022□, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2022, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2022.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do □□01.06.2022□ ao □□30.07.2022□, ambos inclusive. Data de cargo en conta: □□15.07.2022□
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 20 de xuño de 2022. O Alcalde, Jose Luis Álvarez Blanco

R. 1823

### Anuncio

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE MAIODE2022.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 09.06.2022, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2022, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2022.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.07.2022 ao 31.08.2022, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 16.08.2022
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n - 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 - Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 20 de xuño de 2022. O Alcalde, Jose Luis Álvarez Blanco

R. 1824

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 28 de xuño aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 1º trimestre do exercicio 2022.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

**COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 11/07/2022 e o 11/09/2022 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 11/07/2022. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 29 de xuño de 2022.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 1825

**PEDRAFITA DO CEBREIRO***Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DA 4ª BOLSA DE EMPREGO PARA CONDUTOR DE VEHÍCULO MOTOBOMBA**

POSTO DE TRABALLO: Condutor de Vehículo Motobomba

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 29 de xuño de 2022.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1826

**QUIROGA***Anuncio***PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN**

Faise público a seguinte resolución de delegacións:

De data 29 de xuño de 2022:

“(…)

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Conferir a Delegación para a celebración do matrimonio civil que terá lugar o día 8 de xullo de 2022 no Concelleiro Don Xosé Manuel Fernández Montes.

**SEGUNDO.-** Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ao interesado, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente delegación.

(…)”

En Quiroga, 29 de xuño de 2022.- O alcalde-presidente, Julio Álvarez Núñez.

R. 1827

**RÁBADE***Anuncio*

De conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 47 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, faise público para xeral coñecemento que, por ausentarme do Concello entre os días 23 de xullo a 8 de agosto de 2022, ambos inclusive, substituírame nas funcións da Alcaldía deste Concello o primeiro tenente de alcalde don Alejandro Martínez Campos.

Rábade, 29 de xuño de 2022.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1828

**RIBADEO***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19 /2022 SUPLEMENTO DE CREDITO 04/2022**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 31/05/2022, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 19/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para gastos, pola cantidade de **90.732,00** euros, que se fai público resumido por capítulos:

<b>ESTADO DE GASTOS</b>				
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>Anterior</b>	<b>Modificación</b>	<b>Actual</b>
• Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	4.912.479,20	0,00	4.912.479,20
2	Gastos B. Correntes e Servizos	4.759.514,23	33.000,00	4.792.514,23
3	Gastos Financeiros	15.300,00	0,00	15.300,00
4	Transferencias Correntes	439.897,01	50.000,00	489.897,01
5	Fondo de continxencia	20.000,00	0,00	20.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	3.954.565,12	7.732,00	3.962.297,12
7	Transferencias de Capital	425.659,47	0,00	425.659,47
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	534.300,83	0,00	534.300,83
<b>Total</b>		<b>15.088.761,40</b>	<b>90.732,00</b>	<b>15.179.493,40</b>



## ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
• Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.753.000,00	0,00	2.753.000,00
2	Impostos Indirectos	280.000,00	0,00	280.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.439.720,75	0,00	2.439.720,75
4	Transferencias Correntes	3.952.222,68	0,00	3.952.222,68
5	Ingresos Patrimoniais	12.791,21	0,00	12.791,21
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	0.00
7	Transferencias de Capital	1.171.021,68	0,00	1.171.021,68
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	3.568.490,76	<b>90.732,00</b>	3.659.222.76
9	Pasivos Financeiros	911.514,32	0,00	911.514,32
<b>Total</b>		<b>15.088.761,40</b>	<b>90.732,00</b>	<b>15.179.493,40</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 29 de xuño de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 1829

## Anuncio

**Resolución de Alcaldía núm. 2022/0621 de data 29/06/2022 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal LABORAL FIXO-DISCONTINUO, do seguinte xeito:**

Apelidos e nome	Posto
Martíns Fernández, Lucas	Xefe equipo/Posto FD0001
Apelidos e nome	Posto
Vilar Yribarren, Alberto	Socorrista / Posto FD0002
Pérez López, Gonzalo	Socorrista / Posto FD0002
Alvarez López, Jorge	Socorrista / Posto FD0002
Pineda Matos, Kelvin	Socorrista / Posto FD0002
Mesa Fernández, Alonso	Socorrista / Posto FD0002

Seco Terrón, Brais	Socorrista / Posto FD0002
Yañez Díaz, Miguel	Socorrista / Posto FD0002
González López, Sheila	Socorrista / Posto FD0002
Rañón Gavino, Carmen	Socorrista / Posto FD0002

## Características dos postos:

Servizo/Dependencia	Area Medio Ambiente/
Ide. Posto / RPT	FD0001 e FX0002
Denominación do posto	Xefe equipo / Socorristas acuáticos
Natureza	Laboral fixo-discontinuo
Nomeamento	29/06/2022
Escala	Administración Especial/Laboral
Subescala	Socorrismo acuático
Clase/Especialidade	Socorristas
Grupo/Subgrupo	Equiparado C1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 30 de xuño de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1830

*Anuncio*

**Resolución de Alcaldía núm. 2022-0619 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal LABORAL FIXO-DISCONTINUO, do seguinte xeito:**

**Apelidos e nome****Posto**

Fernández Gómez, Ana María	Técnico emerxencias sanitarias FD0003
Fernández Reinante Méndez, Jorge	Técnico emerxencias sanitarias FD0003

## Características dos postos:

Servizo/Dependencia	Area Medio Ambiente/
Ide. Posto / RPT	FD00003

Denominación do posto	Técnico emerxencias sanitarias
Natureza	Laboral fixo-discontinuo
Nomeamento	29/06/2022
Escala	Administración Especial/Laboral
Subescala	Emerxencias sanitarias
Clase/Especialidade	Técnico/sanitario/apoio socorrismo acuático
Grupo/Subgrupo	Equiparado C1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 29 de xuño de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1831

## SARRIA

### Anuncio

O día 28/06/2022, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2022-0653, aprobou as **BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE FUNCIONARIO INTERINO DE INFORMADORES TURÍSTICOS POR CONCURSO-OPOSICIÓN**. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 10 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

### **BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE FUNCIONARIO INTERINO DE INFORMADORES TURÍSTICOS POR CONCURSO-OPOSICIÓN.**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Rd Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

### 1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa para ter preparado un mecanismo que dea cobertura legal a necesidades esenciais que poidan xurdir (artigo 10 do TREBEP) con profesionais que desenvolvesen as súas funcións na categoría profesional encadrada nas características da praza, que se adscribirá ao departamento de turismo para prestar servizos como informador turístico:

Grupo	C
Subgrupo	C1
Escala	Administración Especial
Subescala	Técnica
Clase	Auxiliar
Denominación	Informador Turístico
Sistema de selección	Concurso-Oposición

### 2. Funcións da praza:

Xestión e información turística sobre os recursos turísticos do municipio e arredores que se facilita nos puntos de información turística existentes no Concello de Sarria e apoio dos servizos municipais de turismo e, en particular:

- Atención ao público e xestionar as peticións formuladas, xa sexan queixas, consultas e/ou suxerencias.
- Informar dos recursos turísticos e asesorar sobre a diversidade de actividades turísticas e culturais existentes no municipio.
- Preparar e actualizar periodicamente a información turística do municipio que se entrega e ofrece aos visitantes.
- Soporte na realización de campañas publicitarias no ámbito turístico; na creación e comercialización de produtos turísticos; e ao posicionamento turístico nas redes sociais.
- Xestión de bases de datos e manexo de plataformas tecnolóxicas para a promoción e comercialización de produtos turísticos.
- Suporte na organización de acontecementos de promoción turística: promocións, feiras, eventos, entre outros.
- Soporte na xestión e tramitación de subvencións para actuacións subvencionables contempladas polo servizo de turismo.
- Prestar apoio administrativo ao persoal técnico na planificación e execución de programas ou tarefas do seu ámbito de competencias.
- Utilizar equipos e programas informáticos e outras ferramentas e materiais de oficina.
- Calquera outra tarefa de similar natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico.

### 3. Réxime normativo:

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

### 4. Procedemento de selección:

A selección efectuarase mediante concurso-oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

### 5. Requisitos das persoas aspirantes:

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

- a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Titulación académica. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:
- **Técnico superior en información e comercialización turística.**
  - **Técnico superior en guía, información e asistencia turística.**
  - **Técnico en empresas e actividades turísticas, título de grao ou diplomatura en turismo ou equivalente homologado.**
  - **Certificado de profesionalidade de Promoción turística local e información ao visitante.**
- d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.
- g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- h) Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán aportar específica declaración responsable e declaracións xuradas referidas anteriormente.

## 6. Presentación de instancias:

6.1. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura como Anexo III das presentes bases, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Sarria, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. **Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>**

6.2. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.
- Unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos, e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

6.3. Xustificante do pagamento de dereito a exame, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora, que ascende á **cantidade de 24,00 euros**, e que deberá ingresarse no seguinte número de conta do Concello: ES4320800143363110000018.

## 7. Admisión das persoas aspirantes:

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e

outorgando o prazo de **3 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

7.2. Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

## 8. Tribunal:

8.1. O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

8.2. A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

8.3. O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

8.5. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

## 9. Procedemento de selección:

O proceso de selección efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

9.1. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> en consonancia coas presentes bases.

### **- Proba de Idioma galego.**

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como **APTO** ou **NON APTO**, declarándose **NON APTOS** aqueles que cometan 20 erros ou máis.

*\*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

### **-Proba práctica oral:**

Consistirá en desenvolver durante un tempo entre 5 e 10 minutos unha conversa, en idioma inglés ou francés (segundo o idioma elixido que deberá constar na solicitude) diante do Organo de selección que estará asistido de asesor/a titulado/a nesta lingua e que formulará a proposta de cualificación correspondente ao órgano de selección.

A proba é obrigatoria e eliminatoria. **Valorarase de 0 a 10 puntos.**

Deberá obterse un mínimo de 5 puntos para superar a mesma.

**-Proba teórica escrita:**

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais da Constitución Española, Administración Local e de Procedemento Administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial sinalada no **Anexo I**).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio. **Cualificarase de 0 a 10 puntos**, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha. As respostas en branco non descontarán.

**9.2. Publicación dos resultados dos exercicios:**

As puntuacións obtidas polos aspirantes no exercicio da oposición publicaranse na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> \_ .

Concederase un prazo de **2 días naturais** para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contará desde o día seguinte a data de publicación dos resultados na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>

**9.3. Valoración dos méritos**

Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO II** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade**.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-las probas da fase de oposición.

As puntuacións publicaranse na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, con cedéndose un prazo de 2 días naturais para os efectos de alegacións que se contarán dende o día seguinte á data de publicación.

**10. Relación de persoas aprobadas e presentación de documentación:**

Rematadas as fases anteriores, o tribunal publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> \_ a relación de aspirantes por orde de puntuación.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

As persoas aspirantes incluídas na bolsa achegarán no prazo de **5 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>\_ os documentos seguintes:

- Copia compulsada de:
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.
- Fotocopia dos méritos alegados
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

**11. Funcionamento da bolsa.**

A bolsa estará formada polos aspirantes que houberan aprobado o proceso selectivo en orde a súa puntuación e funcionará do seguinte modo.

1. Realizaranse 3 chamadas cunha diferenza dunha 1 hora entre cada chamada, de non haber resposta pasarase ó seguinte, sen penalización. Ao realizar o chamamento de forma telefónica, deixarase constancia de esta actuación por un funcionario do Concello mediante dilixencia na que se reflectirá a data e hora das chamadas, así como a resposta recibida.

2. De rexeitarse a oferta pasará ó final da lista salvo causa xustificada nos seguintes supostos;

a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.

- b) Embarazo de risco.
- c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.
- d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.
- e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de 3 días naturais.

3. Cando se produza o cese dun integrante da lista, incorporárase ó posto da lista que lle corresponda por puntuación.

4. Os movementos, incidencias e novidades que se produzan na lista publicaranse na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

## 12. Réxime de incompatibilidades.

As persoas que resulten nomeadas estarás sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

## 13. Normas finais:

13.1. Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

13.2. A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

## ANEXO I

### TEMARIO

#### A) Parte Xeral:

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.-. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 6.- O Persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Tema 7.- O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Lugares de interese. Praias do municipio.

Tema 8. A Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AA.PP. O Procedemento Administrativo. (Título preliminar. Títulos I e II.)

#### B) Parte específica:

Tema 1.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Organización e competencias da Administración Galega.

Tema 2.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Dereitos e obrigas dos usuarios turísticos.

Tema 3.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Recursos, organización e calidade turísticos.



- Tema 4.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Dereitos e obrigas das empresas turísticas.
- Tema 5.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos turísticos.
- Tema 6.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Empresas de aloxamento turístico.
- Tema 7.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Empresas de restauración.
- Tema 8.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Empresas de intermediación.
- Tema 9.- Decreto 73/2015, de 7 de maio polo que se regula a profesión de Guía de turismo en Galicia. Réxime de establecemento.
- Tema 10.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Procedemento de habilitación de guía turístico por superación de probas específicas.
- Tema 11.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Recoñecemento de cualificacións profesionais.
- Tema 12.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Inscripción no Rexistro de Empresas e actividades turística. Expedición de carné de guía.
- Tema 13.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Dereitos e deberes dos guías de turismo.
- Tema 14.- Tema 9.- Coñecemento do termo municipal de Sarria: Estrutura do municipio. Número e nome das parroquias existentes. Historia, lugares de interese, espazos turísticos, etc.
- Tema 15.- Coñecemento xeral dos aspectos turísticos e culturais mais relevantes na Comarca de Sarria.
- Tema 16.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro. Complexos turísticos e empresas de servizos complementarios.
- Tema 17.- A lei 7/2011, de 27 de outubro. Medidas de promoción e fomento do turismo.
- Tema 18.- A lei 7/2011, de 27 de outubro. Inspección turística.
- Tema 19.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo. Obxecto e fins propios das axencias de viaxes.
- Tema 20.- .Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Clasificación das axencias de viaxes.
- Tema 21.- .Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Documentación para apertura dunha axencia de viaxes.
- Tema 22.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Títulos-licencia. Causas de revogación.
- Tema 23.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Garantías.
- Tema 24.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Exercicio de actividades das axencias de viaxes.
- Tema 25.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Contratos e servizos soltos.

## ANEXO II

### **FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.**

#### **a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.**

Polo tempo de prestación de servizos en posto e categoría semellante en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,15 puntos por mes completo acreditado.

**A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo organismo competente.**

#### **b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.**

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración:

Cursos de 100 ou mais horas.....	2,00 puntos.
Cursos de 70 a 99 horas.....	1,50 puntos.
Cursos de 40 a 69 horas.....	0,75 puntos.
Cursos de 10 a 39 horas.....	0,50 puntos.
Cursos de menos de 10,00 horas.....	0,20 puntos

## ANEXO III (INSTANCIA)

<b>PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE INFORMADORES TURÍSTICOS.</b>			
<b>DATOS DO SOLICITANTE:</b>			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
<b>NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:</b>			
Notifíquese a:	<input type="checkbox"/> Persoa solicitante	<input type="checkbox"/> Persoa representante	
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
	Código Postal / País:		
Teléfono/s de contacto:			
<b>TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:</b>			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:		<b>IDIOMA ELEXIDO PARA A PROBA ORAL:</b>	
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non			
<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			

2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.

**PROTECCIÓN DE DATOS:** Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:**

**LUGAR E DATA:**

Sarria, 29 de xuño de 2022.- O Alcalde de Sarria, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1832

---